

Cuisiniers ! Prets ! Partez !

Concurso de vídeos de cociña en francés. Aproveitade o inverno, as vacacións de Nadal e de Entroido para cociñar nas vosas casas e participar no concurso de vídeos de cociña do Departamento de Francés da EOI de Vilagarcía.

Bases do concurso:

Tema: A cocina, receitas en francés, ingredientes e elaboración. Evitaranse os contidos susceptibles de ser considerados desaxeitados, ofensivos ou discriminatorios. Todos os contidos deben ser orixinais e estar libres de dereitos de autor.

Participantes: Todo o alumnado da EOI de Vilagarcía inscrito para o curso académico 2020-2021 pode participar sempre que respecte as bases deste concurso. Cada participante poderá enviar un so vídeo e optar a un so premio.

Categorías de participación:

Hai i tres categorías de participación: nivel básico (A1-A2), intermedio (B1-B2) e nivel avanzado (C1).

Características dos vídeos:

-Evitaranse os contidos susceptibles de ser considerados desaxeitados, ofensivos ou discriminatorios.

-Todos os contidos deben ser orixinais e estar libres de dereitos de autor.

-Os vídeos deben incluír como mínimo unha pequena presentación en francés do participante, o nome da receita, os ingredientes, a súa preparación e o resultado final.

Presentación dos vídeos: Enviade un correo a frances@eoivga.org co voso vídeo e o seu título, nome e apelidos, grupo no que estades inscritos/as e número de teléfono. Cada participante poderá enviar un so vídeo e optar a un so premio.

Prazo de presentación: A data límite para a entrega de vídeos é o día **1 de marzo de 2021**.

Premios:

Premio mellor vídeo nivel A1-A2: vale de compra de 50€*.

Premio mellor vídeo nivel B1-B2: vale de compra de 50€*.

Premio mellor vídeo nivel C1: vale de compra de 50€*.

Publicidade: Difusión a través da páxina web e das redes sociais da Escola.

Xurado: estará formado por tres profesoras e terá en conta a creatividade e a calidade lingüística. O resultado será comunicado por correo aos participantes. O xurado resérvase o dereito de declarar os premios nulos de non haber a lo menos un vídeo presentado para cada categoría.

*Nun establecemento comercial de Vilagarcía por determinar.